

CAPÍTULO IV

Postos de traballo

Artigo 9. *Adxudicación de postos de traballo.*

Unha vez superado o proceso selectivo, as persoas que ingresen en corpos ou escalas de funcionarios ou categorías de persoal laboral da Administración xeral do Estado e fosen admitidos na convocatoria ordinaria con prazas reservadas para persoas con discapacidade poderán solicitar ao órgano convocante a alteración da orde de prelación para a escolla das prazas dentro do ámbito territorial que se determine na convocatoria, por motivos de dependencia persoal, dificultades de desprazamento ou outras análogas, que deberán ser debidamente acreditados. O órgano convocante decidirá a dita alteración cando se encontre debidamente xustificado, e deberá limitarse a realizar a mínima modificación na orde de prelación necesaria para posibilitar o acceso ao posto da persoa discapacitada.

Artigo 10. *Adaptación de postos.*

1. Nas solicitudes de adxudicación de destino correspondentes a probas de novo ingreso ou promoción interna e nas de participación en procesos de provisión, os empregados públicos con discapacidade poderán pedir a adaptación do posto ou dos postos de traballo correspondentes. Á solicitude deberásele xuntar un informe expedido polo órgano competente na materia, que acredite a procedencia da adaptación e a compatibilidade co desempeño das funcións que teña atribuído o posto ou os postos solicitados.

En calquera caso, a compatibilidade co desempeño das funcións propias do posto de traballo valorarase tendo en conta as adaptacións que se poidan realizar nel.

2. O ministerio ou organismo a que estea adscrito o posto de traballo será o encargado da valoración, a realización e o financiamento das adaptacións necesarias para a incorporación do empregado discapacitado, sen prexuízo das subvencións ou outro tipo de axudas que se poidan aplicar a esta finalidade.

CAPÍTULO V

Outras medidas favorecedoras da integración

Artigo 11. *Formación.*

1. Entre os criterios de valoración que se establezan para a participación nos cursos de formación de empregados públicos que realicen as organizacións do sector público estatal incluírase o de estar afectado por unha discapacidade cuxo grao de minusvalidez sexa igual ou superior ao 33 por cento.

2. Para o desenvolvemento destes cursos, realízanse as adaptacións e axustes razoables necesarios para que as persoas con discapacidade participen en condicións de igualdade nos procesos formativos. Os participantes deberán formular a petición concreta na solicitude de participación. A Administración resolverá sobre a conveniencia desa adaptación, que soamente poderá denegar cando supoña unha carga desproporcionada.

3. A Administración poderá realizar cursos de formación destinados unicamente a persoas con discapacidade. Estes cursos, que se deberán ofrecer en condicións de accesibilidade, estarán dirixidos ben á formación dos traballadores para o mellor desempeño do seu posto de traballo ben á formación para apoiar a promoción desde postos de traballo reservados para persoas con discapacidades específicas.

Artigo 12. *Colaboración e cooperación con outras entidades.*

A Administración fomentará a realización de convenios ou contratos con persoas físicas ou xurídicas, incluí-

das as asociacións representativas dos distintos tipos de discapacidade, que estean orientados á realización de proxectos de emprego con apoio ou de calquera outro tipo, sempre que a súa finalidade sexa facilitar a integración no ámbito do sector público estatal das persoas con discapacidade que presentan especiais dificultades para a plena incorporación ao posto de traballo.

Artigo 13. *Sistema de indicadores e informe balance anual.*

1. O Ministerio de Administracións Públicas establecerá un sistema de indicadores e rexistros que permita dispor de información estatística exacta, actualizada e global do acceso e ingreso de persoas con discapacidade ao emprego público.

2. Con carácter anual, o Ministerio de Administracións Públicas elaborará un informe balance en que constará toda a información e as estatísticas relevantes producidas no período sobre acceso de persoas con discapacidade ao emprego público. Este informe balance elevarase, para o seu coñecemento, á Comisión Superior de Persoal e ao Consello Nacional da Discapacidade.

Disposición adicional única. *Supletoriedade.*

Este real decreto terá carácter supletorio para o sector público non incluído no ámbito de aplicación descrito no artigo 1.2.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogados os artigos 19, 26.2, 34 e 43 do Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado, aprobado polo Real decreto 364/1995, do 10 de marzo.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 3 de decembro de 2004.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Administracións Públicas,
JORDI SEVILLA SEGURA

MINISTERIO DE AGRICULTURA,
PESCA E ALIMENTACIÓN

21266 *REAL DECRETO 2320/2004, do 17 de decembro, de regulación de determinadas competencias en relación coa axuda económica comunitaria ás organizacións de produtores que constitúan un fondo operativo. («BOE» 304, do 18-12-2004.)*

O Regulamento (CE) n.º 2200/1996 do Consello, do 28 de outubro de 1996, que establece a organización común de mercados no sector das froitas e hortalizas, recolle, no seu artigo 15, que as organizacións de produtores que

constitúan un fondo operativo poderán presentar solicitudes de axuda económica comunitaria perante as autoridades competentes.

O Regulamento (CE) n.º 1433/2003 da Comisión, do 11 de agosto de 2003, que establece as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 2200/96 do Consello, no que se refire aos programas e fondos operativos e á axuda financeira, recolle as actuacións que deben seguir os organismos pagadores para a aprobación dos programas operativos, o seu seguimento e control.

O Real decreto 327/2003, do 14 de marzo, que regula o réxime dos organismos pagadores e de coordinación do FEOGA-Garantía, nos seus artigos 2, 5, 7 e 8, establece a súa constitución no ámbito de cada comunidade autónoma, as comunicacións e informacións que estes deben facilitar ao organismo de coordinación, as súas obrigas e as relacións entre os organismos pagadores.

As comunidades autónomas, a través dos seus estatutos de autonomía e de acordo coa Constitución española, asumiron competencias exclusivas en materia de agricultura e gandería, sen prexuízo da que corresponde ao Estado sobre as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Este real decreto pretende clarificar cal é o organismo pagador competente para o pagamento da axuda económica comunitaria ás organizacións de produtores que constitúan un fondo operativo. Para estes efectos, aplícase a xurisprudencia do Tribunal Constitucional relativa ao exercicio de competencias de carácter executivo por parte da Administración xeral do Estado, en especial para aqueles casos en que as organizacións de produtores superen o ámbito dunha comunidade autónoma, cuxas solicitudes de axuda viña pagando o Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA).

A Administración xeral do Estado porá ao dispor das comunidades autónomas, a través dos correspondentes traspasos, os medios orzamentarios adscritos á xestión, control e pagamento por parte do FEGA da axuda comunitaria ás organizacións de produtores de ámbito superior ao dunha comunidade autónoma.

As comunidades autónomas e as organizacións representativas do sector foron consultadas na elaboración deste real decreto.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 17 de decembro de 2004,

DISPÓN O:

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Este real decreto ten por obxecto establecer os criterios para a determinación do organismo pagador competente para coñecer e resolver as solicitudes de axuda económica comunitaria presentadas polas organizacións de produtores que constitúan un fondo operativo, ao abeiro do establecido no Regulamento (CE) n.º 2200/1996 do Consello, do 28 de outubro de 1996, que establece a organización común de mercado no sector das froitas e hortalizas.

2. Así mesmo, establécense os principios que rexerán na coordinación desas axudas e na subministración á Comisión Europea da información establecida na normativa comunitaria de aplicación a estas.

Artigo 2. *Organismo competente para a resolución e pagamento da axuda.*

Os organismos pagadores autorizados polas comunidades autónomas, a que se refire o artigo 2.2 do Real decreto 327/2003, do 14 de marzo, que regula o réxime dos organismos pagadores e de coordinación co FEOGA-Garantía, serán os órganos competentes para a xestión,

control e pagamento da axuda comunitaria ás organizacións de produtores recoñecidas que constitúan un fondo operativo, de acordo co establecido no artigo 15.1 do Regulamento (CE) n.º 2200/1996.

Para os efectos da aplicación do previsto anteriormente, cada comunidade autónoma será competente para a xestión, control e pagamento da axuda solicitada polas organizacións de produtores que fixasen a sede social no seu ámbito territorial, con independencia de que os produtores que as integren sexan titulares de explotacións nesa comunidade autónoma ou noutras.

Artigo 3. *Coordinación.*

1. O Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA), en colaboración cos organismos competentes das comunidades autónomas, coordinará a aplicación harmonizada en todo o Estado dos controis establecidos no Regulamento (CE) n.º 2200/96 e no Regulamento (CE) n.º 1433/2003 da Comisión, do 11 de agosto de 2003, que establece as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 2200/96 do Consello, no que se refire aos programas e fondos operativos e á axuda financeira, en particular mediante a elaboración de plans de control.

2. O FEGA establecerá, en colaboración cos órganos competentes das comunidades autónomas, os procedementos de coordinación necesarios para o troco de información entre elas, así como para a realización dos controis ás organizacións de produtores cuxo ámbito sexa superior ao dunha comunidade autónoma.

Artigo 4. *Información á Comisión Europea.*

As comunidades autónomas enviarán ao FEGA, na súa calidade de organismo de coordinación ao abeiro do establecido no artigo 3 do Real decreto 327/2003, do 14 de marzo, nos prazos que este estableza, toda a información necesaria para o cumprimento do deber de información á Comisión Europea que se establece no artigo 26 do Regulamento (CE) n.º 1433/2003 da Comisión, do 11 de agosto de 2003.

Disposición transitoria única. *Procedementos en tramitación.*

Os procedementos de solicitude de axuda económica ás organizacións de produtores que constitúan un fondo operativo e os actos que deles deriven en relación coa concesión da axuda, revisión, reintegro e, se é o caso, aplicación do réxime sancionador que, á data de entrada en vigor deste real decreto, se encontran xa iniciados serán resoltois até a súa terminación polos órganos administrativos que os están tramitando.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango contradigan o establecido neste real decreto e, en particular, a disposición adicional da orde do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, do 14 de maio de 1997, que regula os programas e os fondos operativos das organizacións de produtores de froitas e hortalizas.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase en virtude da competencia estatal en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, prevista no artigo 149.1.13.ª da Constitución española.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», e aplica-

rase ás solicitudes de axuda económica correspondentes á anualidade 2005 e posteriores.

Dado en Madrid o 17 de decembro de 2004.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca
e Alimentación,
ELENA ESPINOSA MANGANA

MINISTERIO DO INTERIOR

21333 *ORDE INT/4151/2004, do 9 de decembro, pola que se determinan os códigos comunitarios harmonizados e os nacionais que se deberán consignar en permisos e licenzas de condución. («BOE» 305, do 20-12-2004.)*

A través da orde do ministro do Interior do 13 de xuño de 1997, que determina os códigos comunitarios harmonizados e os nacionais que se deben consignar nos permisos e licenzas de condución, procedeuse a traspasar ao noso ordenamento xurídico a Directiva 97/26/CE, do 2 de xuño, que modifica a Directiva 91/439/CEE, do 29 de xullo, sobre o permiso de condución.

A Directiva 2000/56/CE, da Comisión, do 14 de setembro, modificou de novo os anexos I e I bis da citada Directiva 91/439/CEE, co alfo de adaptar os códigos comunitarios harmonizados en razón do progreso científico e técnico experimentado neste ámbito e da experiencia práctica adicional obtida coas adaptacións precedentes.

Ademais, a citada lista de códigos comunitarios harmonizados que se regulan nos anexos I e I bis da Directiva 91/439/CEE, foi tamén modificada pola Directiva 2003/59/CE, do 15 de xullo, relativa á cualificación inicial e á formación continua dos condutores de determinados vehículos destinados ao transporte de mercadorías ou de viaxeiros por estrada, ao incorporar nela un novo código comunitario harmonizado, o código 95.

Todas estas modificacións deben ser obxecto de transposición ao noso ordenamento interno.

Por outra parte, faise necesario incluír un novo código nacional que exprese a data de primeira expedición dun permiso ou licenza de condución, a fin de acreditar a súa antigüidade, especialmente en casos de prórroga fóra de prazo ou de troco dun permiso ou licenza anteriores.

Na súa virtude, de acordo co disposto no número segundo do artigo 4 e na disposición derradeira única do Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 772/1997, do 30 de maio, e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Primeiro. Códigos comunitarios harmonizados.— Os códigos comunitarios harmonizados, ben como o significado de cada un deles, válidos en todos os Estados membros da Unión Europea, son os que se indican no anexo I da presente orde.

Cando se considere necesario poderanse establecer dentro destes códigos os subcódigos que igualmente se indican nese anexo, identificados con díxitos complementarios, acomodándoos ás directrices comunitarias.

Segundo. Códigos nacionais.— Os códigos e subcódigos nacionais, ben como o significado de cada un deles, válidos unicamente en territorio español, son os que se indican no anexo II da presente orde.

Terceiro. Constancia no permiso e licenza de condución.— Os códigos e subcódigos consignaranse, cando procedan, na páxina 4, número 2.d) 2.º do modelo comunitario de permiso de condución que figura no anexo I ou na páxina 2, número 1.º (12) do modelo comunitario alternativo de permiso de condución que figura no anexo I bis do Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 772/1997, do 30 de maio. Na licenza de condución figurará na páxina 4, alínea d) do modelo de licenza de condución que figura no anexo II do mencionado regulamento.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogada a orde do 13 de xuño de 1997 pola que se determinan os códigos comunitarios harmonizados e os nacionais que se deberán consignar en permisos e licenzas de condución, así como cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto na presente norma.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 9 de decembro de 2004.

ALONSO SUÁREZ

ANEXO I

Códigos comunitarios harmonizados

Códigos	Subcódigos	Causas médicas. Significado
01		Corrección e protección da visión:
	01.01	Lentes.
	01.02	Lente ou lentes de contacto.
	01.03	Cristal de protección.
	01.04	Lente opaca.
	01.05	Recubrimiento do ollo.
	01.06	Lentes ou lentes de contacto.
02		Prótese auditiva/axuda á comunicación:
	02.01	Prótese auditiva dun oído.
	02.02	Prótese auditiva dos dous oídos.